



Ciudades
Amigas
de la Infancia



DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA 2020 DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE **CABANAS** - CIDADE AMIGA DA INFANCIA-

As cidades e comunidades teñen un rol fundamental na promoción e realización dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven nelas. Atravesamos nestes momentos unhas circunstancias excepcionais que están a poñer a proba a nosa capacidade de resposta como sociedade, non só ante a emerxencia pola COVID-19 senón fronte aos retos que se nos presentan a futuro, de recuperación, pero tamén de impulso que é necesario dar entre todos á Axenda 2030, aos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e ao Acordo de París, para saír desta crise mellor, con maior sostibilidade, equidade e oportunidades de prosperidade para todos e todas.

É un momento de inflexión, de **reimaxinar** entre todas e todos, o **futuro que queremos para a infancia**, cando ademais iniciamos a década de acción para o desenvolvemento sustentable. Porque se os nenos, nenas e adolescentes teñen hoxe os medios para educarse, xogar, aprender, desenvolverse, medrar, significa que no futuro toda a sociedade terá éxito.

Como parte dunha corporación local recoñecida como Cidade Amiga da infancia queremos referendar o noso compromiso cos dereitos da infancia e adolescencia hoxe para asegurar un futuro máis xusto, equitativo e sustentable. Por iso, comprometémonos a impulsar medidas dirixidas a:

- Ter en conta en todas as decisións tomadas por esta Administración, tanto na resposta á crise, como na recuperación, que teñen efectos sobre a infancia e adolescencia, os **principios reitores** da **Convención sobre os Dereitos da Infancia**, a saber: interese superior da nena ou neno, o dereito á vida, a supervivencia e o desenvolvemento, o dereito á participación e á non discriminación.
- **Involucrar a todas as áreas do goberno local na promoción dos dereitos da infancia**. De tal xeito que os obxectivos do Plan Local de Infancia e Adolescencia sexan compartidos e as accións se realicen de forma coordinada dentro da nosa corporación.
- **Analizar o impacto da COVID-19** sobre a infancia e adolescencia que vive na nosa localidade, especialmente sobre aqueles grupos máis vulnerables e adaptar en consecuencia o noso Plan Local de Infancia e Adolescencia.
- **Reforzar as axudas sociais de emerxencia que reciben as familias con fillas e fillos menores de idade a cargo**. Priorizando ás familias máis vulnerables, monoparentais, entre outras.

- **Reforzar os programas educativos dirixidos a nenos e nenas** con risco de abandono escolar, discapacidade ou en situación de fenda dixital.
- **Incorporar na planificación urbana e nas estratexias de mobilidade un enfoque de infancia e de sustentabilidade.**
- **Facer do noso municipio un espazo que fomente o xogo e o deporte** e o desenvolvemento de actividades ao aire libre e na natureza.
- Fomentar o coidado e o respecto do **medio ambiente**, o acceso a espazos verdes e saudables e sen contaminación.
- **Crear espazos protectores** (ludotecas, espazos xuvenís, centros deportivos, campamentos, etc.) onde os nenos e nenas poidan aprender a comprender, compartir e xestionar as súas emocións e onde atopen protocolos de protección contra todo tipo de violencia.
- Ofrecer **vivendas e/ou alternativas de habitabilidade dignas** ao tamaño e condicións das familias con espazos comúns para xogar, moverse e socializar.
- Brindar recursos ás familias para fomentar unha parentalidade positiva e **facilitar as actividades en familia.**
- **Potenciar a participación dos nenos, nenas e adolescentes**, nas decisións locais, e en todos os ámbitos onde interactúan (centros deportivos, bibliotecas, ludotecas, etc.).

As medidas anteriores achegarannos aínda máis á cidadanía da nosa localidade, ás súas necesidades e permitirannos contar cunha estratexia que poña á infancia no centro da resposta e recuperación da crise da COVID-19, e ao mesmo tempo, reforzando o noso compromiso coa consecución das metas que a 10 anos marca a Axenda 2030.

Comprometémonos hoxe, 20 de novembro de 2020, coa infancia e a adolescencia e co futuro de Cabanas, **para non deixar a ninguén atrás.**